Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Datos del Expediente:

Nº Expediente:	2026/E005/000020
Data expediente:	06/10/2026
Obxecto:	Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Coirós para o período 2027-2029

A Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, no artigo 20 apartado un.4 inclúe unha taxa específica destinada a dar cumprimento ao obxectivo de que o emprego temporal non supere o 8% das prazas de natureza estrutural que recolle a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Esta taxa queda suxeita á existencia dun instrumento de planificación plurianual que a xustifique.

Pola Secretaría-Intervención elaborouse un informe-proposta de Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Coirós no período 2027-2029 en data 29/10/2026, que se transcribe literalmente:

"**INFORME-PROPOSTA**

Datos del Expediente:

Nº Expediente:	2026/E005/000020
Data expediente:	06/10/2026
Obxecto:	Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Coirós para o período 2027-2029

1º. INTRODUCIÓN

A Constitución Española, no seu artigo 103, establece que o obxectivo fundamental da Administración Pública é servir ao interese xeral e que ese obxectivo se acade con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia.

Neste sentido o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP), determina que a planificación dos recursos humanos sempre debe ter como obxectivo *"contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos",* que entre outras medidas, supón dimensionar de forma axeitada o persoal municipal.

A modernización e mellora da Administración Pública é un obxectivo permanente necesario para dar cumprimento ao devandito mandato, que non pode alcanzarse sen unha axeitada xestión do principal activo co que conta a Administración, como é o seu persoal, para o que é necesario implementar políticas de dotación de efectivos de carácter permanente que cubran as necesidades dos distintos servizos e limiten a temporalidade á atención de necesidades conxunturais.

Iso resulta ademais do disposto pola Directiva 1999/70 CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o contrato de duración determinada, (en diante, o Acordo Marco), que destaca no seu preámbulo a preeminencia da contratación indefinida como *«forma máis común de relación laboral»* mellorando a calidade do traballo de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

duración determinada e evitando os abusos derivados da utilización de sucesivos contratos ou relacións laborais de duración determinada.

Para iso a cláusula 4.ª do Acordo Marco establece a equiparación das condicións de traballo entre persoal temporal e fixo con base no principio de non discriminación, agás existencia de causas obxectivas que xustifiquen unha diferenza no réxime xurídico de ámbalas clases de persoal e a cláusula 5.ª do Acordo Marco prevé a adopción de medidas destinadas a evitar a utilización abusiva de contratos ou relacións laborais temporais.

Para reducir a temporalidade nas Administracións públicas e como consecuencia dos Acordos asinados entre o Goberno de España e as Organizacións Sindicais máis representativas no ámbito da Administración Pública, contempláronse na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado, para o ano 2018, senllos procesos de estabilización e consolidación.

E por último, a Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, deseñou un conxunto de medidas de reforma da figura do persoal funcionario interino, unha serie de procesos de estabilización co obxectivo de que a taxa de cobertura temporal se sitúe por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

Anoado a este obxectivo a Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dispuxo no seu artigo 20.Dous apartado 4 que se poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público: que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

Volvendo ao disposto no artigo 69.2 do TRLEBEP, os plans de ordenación de persoal poden incluír, entre outras, as seguintes medidas:

2. As Administracións Públicas poderán aprobar Plans para a ordenación dos seus recursos humanos, que inclúan, entre outras, algunhas das seguintes medidas:
a) Análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, tanto desde o punto de vista do número de efectivos, como do dos perfís profesionais ou niveis de cualificación dos mesmos.
b) Previsións sobre os sistemas de organización do traballo e modificacións de estruturas de postos de traballo.
c) Medidas de mobilidade, entre as cales poderá figurar a suspensión de incorporacións de persoal externo a un determinado ámbito ou a convocatoria de concursos de provisión de postos limitados a persoal de ámbitos que se determinen.
d) Medidas de promoción interna e de formación do persoal e de mobilidade forzosa de conformidade co disposto no capítulo III do presente título deste Estatuto.
e) A previsión da incorporación de recursos humanos a través da Oferta de emprego público, de acordo con o establecido no artigo seguinte.

Analizando xa o caso concreto dos recursos humanos do Concello de Coirós, o estudo do persoal municipal amosa os seguintes datos, tendo en conta o anexo de persoal do orzamento do ano 2026:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

	Totalidade	Ocupados	Vacantes	Taxa temporalidade
Postos estruturais de persoal laboral	12	1	11	91,67%
Postos estruturais de persoal funcionario	19	16	3	15,79%

Por outra banda, o número de persoas a xubilarse nos próximos anos é o seguinte:

Idade	Persoal funcionario	Persoal laboral (temporal)	Total
> 65 anos	0	0	0
Entre 60-65	1	3	4
Entre 55-59	4	3	7
Entre 50-54	6	3	9

Polo tanto, do total de 16 postos ocupados de persoal funcionario, un total de 11 persoas teñen máis de 50 anos, o que supón un total de 68,75% do persoal. É necesario ter prevista a substitución do persoal que se xubilará nos vindeiros anos.

2º. ANTECEDENTES

De conformidade co artigo 69.2.e) do TREBEP, onde se contempla a posibilidade que as Administracións Públicas prevexan a incorporación de recursos humanos a través das súas Ofertas de emprego público, de acordo co establecido no artigo 70 da mesma norma e co obxectivo de cumprir coa esixencia legal de que a taxa de temporalidade no Concello de Coirós se sitúe por debaixo do 8%, é necesaria a redacción e aprobación do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos para contar así cun instrumento adecuado para a correcta planificación dos seus recursos humanos en orde a lograr o devandito obxectivo.

O artigo 19.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que estableceu que *"as Administracións…ademais da taxa resultante do apartado Uno.2 e 3, poderán dispoñer dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal que incluirá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016"*, establecendo no seu inciso final que *"as administracións públicas, poderán dispoñer nos exercicios 2017 a 2019 dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal daquelas prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estean dotadas orzamentariamente e, dende unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, viñesen estando ocupadas ininterrompidamente de forma temporal".*

O artigo 19. Un da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, dispuxo no seu apartado 9 que *"ademais do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos. Nas Universidades Públicas, só estará incluído o persoal de administración e servizos.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020 e serán coordinados polos Departamentos ministeriais competentes".

O Concello de Coirós, a pesar de ter persoal que cumpría os requisitos esixidos na Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público para seren incluídos na Oferta de Emprego Público que articula os procesos de Estabilización de Emprego Temporal da Lei 20/2021 do 28 de decembro, non adoptou medida algunha neste sentido.

Coa aprobación da primeira Relación de Postos de Traballo queremos non só cumprir con obriga legal de contar con este instrumento, senón tamén promover a estabilidade laboral mediante a consolidación do emprego temporal e a estabilización dos postos de traballo de carácter estrutural.

3º. MARCO LEGAL

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017. h. Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

4º. LIÑAS DE ACTUACIÓN

O presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos contempla as seguintes liñas de actuación:

1ª. Aprobación da primeira Relación de Postos de Traballo.

2ª. Promoción interna vertical das prazas de auxiliar administrativo a prazas de administrativo.

3ª. Promoción interna horizontal da praza de auxiliar de axuda no fogar (administración especial, AP) á praza de alguacil-porteiro (administración xeral, AP).

4ª. Inclusión na Oferta de Emprego Público das prazas que se crean na Relación de Postos de Traballo:

- 1 praza de auxiliar administrativo (área de acción social, cultural e deportiva, servizos sociais municipais)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- 9 prazas de auxiliar de axuda no fogar (área de acción social, cultural e deportiva, servizos sociais municipais)
- 1 praza de monitor/a do centro de interpretación do Mandeo (área de acción social, cultural e deportiva, servizo municipal de cultura e xuventude)
- 1 praza de psicólogo/a do CIM (área de CIM)

5ª. Proceso de funcionarización dos postos de persoal laboral fixo:

- técnico/a electricista e de mantemento (área de obras, urbanismo, medio ambiente e servizos)
- técnico/a de deportes (área de acción social, cultural e deportiva, servizo municipal de deportes)

6ª. Aprobación dun Plan de igualdade

5º. MEDIDAS

A) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Relación de Postos de Traballo é o instrumento técnico co que contan as Administracións Públicas, para ordenar o seu persoal, no devandito instrumento é onde se inclúen todos aqueles postos de traballo de carácter estrutural que resultan necesarios para a prestación dos Servizos Públicos.

A través da elaboración e aprobación da Relación de Postos de Traballo preténdese:
a) Determinar o número de postos de carácter estrutural do Concello.
b) Dimensionar o persoal de acordo coa aplicación de criterios de racionalidade, eficacia e eficiencia.
c) Describir os perfís profesionais dos postos, requisitos, titulación e formación, tendo en conta as previsións normativas vixentes para o efecto e atendendo os principios de mellor prestación do servizo público e flexibilidade organizativa.
d) Fixar a forma de cobertura dos postos e obxectivar o sistema de retribucións.

B) OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO

Co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade por baixo do 8,00 % e en aplicación do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos, o Concello de Coirós incluirá na súa Oferta de Emprego Público, sempre que a lexislación o permita e non computen para os efectos da taxa de reposición, aquelas prazas que, estando incluídas no cadro de persoal, conten co correlativo posto na vixente relación de postos de traballo, e se atopen vacantes sendo ocupadas de forma temporal por estimarse que era necesaria a súa cobertura por funcionario interino.

O volume de prazas ofertadas deberá permitir a redución da taxa de temporalidade por baixo do 8% durante o período de vixencia deste plan de ordenación, debendo tenderse a unha porcentaxe de temporalidade o máis baixa posible que dadas as dimensión desta administracións podería chegar a ser do 0%.

Non se prevé que ningún empregado público acceda á xubilación no horizonte temporal de aplicación do presente plan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Tamén se incluirán as prazas afectadas polos procesos de promoción interna vertical e horizontal, así como os postos a funcionarizar.

Co gallo de cumprir o disposto no artigo 59 do TREBEP, das 12 prazas que se incluirán na Oferta de Emprego Público debido a súa creación na RPT, unha delas (auxiliar administrativo da área de acción social, cultural e deportiva) reservarase para ser cuberta entre persoas con discapacidade. Esta reserva realizarase na propia OEP.

C) PROCESOS SELECTIVOS

O Concello de Coirós convocará os procesos selectivos para a execución da Oferta Pública de Emprego nos tres anos naturais seguintes a aquel no que se aproben estas, de conformidade co previsto no artigo 70 do TREBEP, coincidindo coa vixencia do presente plan.

D) NOMEAMENTOS TEMPORAIS

D.1) PERSOAL FUNCIONARIO

O Concello de Coirós limitará os nomeamentos temporais por interinidade a aqueles supostos nos que as razóns de urxencia e necesidade debidamente acreditadas fagan necesaria a utilización desta figura ben para cubrir prazas vacantes ou ben para a substitución transitoria dos titulares, e sempre de acordo co vixente regulación do TREBEP así como da LEPG..

Os nomeamentos por programas ou figuras equivalentes serán utilizados de forma excepcional, previa xustificación da súa necesidade e condicionaranse a que a taxa de temporalidade non supere o 8% tendo en conta a duración prevista dos mesmos.

D.2) PERSOAL LABORAL

A recente aprobación do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, veu a supoñer un cambio radical no réxime da contratación temporal neste país, pasando a ser configurada de forma moi limitada no seu alcance, o que ten incidencia directa nas administracións locais cando actúen como empregador.

O RDlei 32/2021, de 28 decembro, modificou o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores para xeneralizar a contratación indefinida e limitar a temporalidade.

A reforma aborda as causas que xustifican o recurso á contratación de duración determinada, limitadas ás circunstancias da produción; á substitución de persoa traballadora; contratos no marco dos fondos Next Generation ou ben dentro da disposición adicional novena do texto refundido da lei de emprego, suprimindo os contratos para obra ou servizo determinado e establecendo as novas regras sobre concatenación de contratos, tamén referidas á cobertura dun posto de traballo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Establécese tamén unha nova regulación dos contratos formativos e dos contratos fixos descontinuos. Ademais, no sector da construción regúlase o novo contrato indefinido adscrito a obra.

No ámbito das Administracións Públicas, esta norma debe harmonizarse coas disposicións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con incidencia sobre o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como na Lei 7/2015, de 29 de abril , de Emprego Público de Galicia, o titulo VII da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa concordante.

Consonte a nova redacción do "*artigo 15.1 do ET a contratación laboral presúmese sempre e en todo caso indefinida"*, o que resulta de especial interese, xa que calquera contratación temporal que se poda presumir en fraude de lei dará lugar en opinión de quen subscribe, e a espera do pronunciamento dos nosos tribunais, á transformación do contrato en indefinido-non fixo con independencia da duración inicial de dito vínculo contractual.

Á vista da realidade xurídica descrita, o Concello de Coirós só acudirá as contratacións de persoal laboral temporal financiadas con fondos europeos ou realizadas en execución de programas de fomento do emprego, sendo preciso que esta clase de contratacións sexa o máis limitada posible a fin de evitar unha repentina subida da taxa de temporalidade desta administración.

E) APROBACIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE

Os Plans de igualdade son un conxunto ordenado de medidas encamiñadas a alcanzar a igualdade real e eliminar a discriminación por razón de sexo a través do deseño de estratexias e directrices dirixidas a iso, tanto a longo como a curto prazo. Todo iso baseado no diagnóstico da situación de cada administración, paso previo a levar a cabo na aprobación do plan de igualdade.
A Disposición Adicional Sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, obriga ás Administracións Públicas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e a adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre homes e mulleres.
Así mesmo, obrígalles a elaborar e aplicar un plan de igualdade a desenvolver no Convenio Colectivo ou Acordo de Condicións de Traballo do persoal funcionario que sexa aplicable, nos termos previstos no mesmo.

6º. CUSTES ECONÓMICOS

O presente plan de ordenación de recursos humanos non debe supoñer un incremento orzamentario para o Concello, ao ofertarse prazas que xa veñen sendo obxecto de cobertura con persoal laboral temporal.

Polo que respecta á promoción interna, tanto vertical como horizontal, non supoñen un aumento de efectivos.

7º. VIXENCIA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O presente plan conta cunha vixencia prevista de tres anos, en lóxica coherencia co prazo de execución das ofertas de emprego público previsto no artigo 70 do TREBEP.

8º. XESTIÓN E EXECUCIÓN

Corresponde á xefatura de persoal adoptar cantas medidas estime convenientes para o desenvolvemento e execución deste plan, e cantas cuestións xurdan na súa interpretación e cumprimento.

9º. SEGUIMENTO

O seguimento do presente plan realizarase pola Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coiros, reuníndose cando menos unha vez ao ano, fixando a data da reunión dentro do primeiro trimestre.

Coirós, a xoves 29 de outubro de 2026.

A secretaria-interventora

María Cristina Varela García

Enterado,
O alcalde
Francisco Quintela Requeijo”

Reunida a Mesa Xeral de Negociación en data 23/10/2026, consonte ao artigo 37 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, consta o voto favorable de todos os asistentes.

A lei 2/2015, do 2 de abril, do emprego público de Galicia atribúe ao Pleno nas entidades locais a aprobación dos plans de ordenación de recursos humanos (artigos 13.2.f e 19).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Por todo o cal elévase ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Coirós no período 2027-2029.

Segundo.- Expor ao público o documento, durante o prazo de quince (15) días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

O plan considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Terceiro.- Unha vez aprobado definitivamente o plan, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Coirós, a xoves 29 de outubro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo

CVD: yeuqfV8aImwEhyotER2O Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)